

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2018

**PLAN DE REORDENACIÓN ~~DE RECURSOS HUMANOS~~ DO
SERVIZO DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS
FORESTAIS**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A detección e a extinción son dous dos piares básicos do sistema de prevención e defensa contra os incendios forestais. A incidencia destes factores resulta determinante no número de lumes e terreo calcinado na nosa comunidade autónoma. As operacións de execución das medidas relativas a cada un deles correspóndelle ao persoal pertencente ao Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais.

A eficacia deste dispositivo demostrase día a día, conseguindo que a maior parte dos sinistros se sofoquen rapidamente en fase de conato. Por iso, a Xunta de Galicia aposta pola existencia dun dispositivo público e profesional, ao que se lle recoñece a súa importante labor na loita contra o lume. Tal recoñecemento non impide, sen embargo, perseverar en manter e incluso mellorar o dispositivo con medidas que poidan facer diminuír o número de lumes e a superficie queimada por mor dos incendios forestais.

Galicia sufriu no outono de 2017 unha intensa vaga de lumes, que en poucos días queimou miles de hectáreas. Estes incendios de outono ou primavera non son xa un fenómeno illado e en condicións adversas poden converterse en lumes descontrolados, o que está a condicionar a necesidade de mellorar a rede de vixilancia e detección de incendios ~~co incremento da presenza dos efectivos adscritos a postos de natureza fixa descontinua da campaña de verán alto risco.~~

No que atinxe á extinción propiamente dita, o dispositivo do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais de Galicia é un dos máis eficaces do noso contorno, nacional e internacional. O que non evita que se adopten medidas para mellorar a súa eficacia e tamén a seguridade dos traballadores

que o compoñen, ademais de para reforzar en xeral o dispositivo con máis brigadas naqueles **tanto nos** períodos de máis actividade incendiaria **como nos períodos nos que preferentemente se levan a termo as tarefas de prevención.**

Coa experiencia acadada considerase convinte asumir un incremento progresivo do operativo público de extinción de incendios forestais pola Consellería do Medio Rural.

Esta medida posibilitará unha creación de emprego ~~neto de preto de cincocentos~~ de novos postos de traballo, que quedarán consolidados mediante a correspondente consignación de prazas na relación de postos de traballo da Consellería de Medio Rural.

A cobertura deses novos postos farase **a través dos procedementos regulados no convenio colectivo** e das listas de contratación temporal da Xunta de Galicia. Deste xeito, estes profesionais terán as mesmas condicións económicas e laborais que o resto de empregados públicos vinculados a extinción de incendios da Consellería do Medio Rural e formarán parte do seu cadro de persoal, tal e como se viña demandando historicamente polas organizacións sindicais con representación deste persoal.

En definitiva, as medidas adoptadas deben contribuír, por unha parte, a unha maior profesionalización e motivación dos traballadores, e, pola outra, á mellora na eficiencia da xestión dos recursos humanos que compoñen o Servizo de Defensa e Prevención contra Incendios Forestais da Xunta de Galicia incrementando o emprego neto de efectivos en tarefas de extinción e de prevención de incendios forestais na CCAA de Galicia.

ÁMBITO DE APLICACIÓN E VIXENCIA

O presente plan é de aplicación ao persoal laboral do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais das diferentes categorías, ~~escalas ou especialidades~~ de bombeiros forestais e das de vixilantes fixos, emisoristas e operadores codificadores.

A vixencia do plan en canto a aplicación das medidas adoptadas abrangue o período comprendido entre o presente 2018 e o 2020.



OBXECTIVOS

- a) Incrementar a eficacia do dispositivo de loita contra os incendios forestais, ~~intensificando, por un lado,~~ **incrementando o período de** actividade do persoal adscrito aos postos de natureza fixa descontinua do período de alto risco, de forma que, progresivamente, se chegue no ano 2020 a un período de actividade dunha duración de seis ~~meses~~ **9 meses**. Desta forma ampliaríase a vixiancia e detección de incendios ao período de máxima actividade incendiaria, que permitiría, non só incrementar os incendios sofocados en fase de conato, senón incluso a disuasión da actividade incendiaria intencionada.
- b) Incrementar a eficacia do dispositivo de loita contra os incendios forestais, **incrementando o período de** actividade do persoal adscrito aos postos de natureza fixa descontinua **de nove meses**, de forma que, progresivamente, se chegue no ano 2020 a un período de actividade dunha duración de **12 meses**.
- c) **SOLICITAMOS A RETIRADA DA PROPOSTA DE TRANSFORMACIÓN DAS BRIGADAS EN BRIGADAS DE 5 COMPOÑENTES**. (Tendo sempre en conta a nosa oposición a este cambio, no presente documento presentamos as condicións mínimas para poder valoralo).

Por outro lado, incrementar a eficacia, efectividade e seguridade laboral dos equipos de extinción, para o que se propón a modificación da composición das brigadas, que pasarán de estar formadas por 7 efectivos a estalo por un xefe de brigada bombeiro forestal, un bombeiro forestal condutor e tres bombeiros forestais. ~~Para iso será necesario modificar o réxime de libranzas e vacacións, que pasará a ser, con carácos ter xeral, conxunto de toda a brigada.~~



Neste proceso **duplicaranse o número actual de brigadas**, incrementando o número de brigadas de 12 meses dende as 82 actuais ate 164 (incremento de 82 brigadas). No caso das brigadas de 9 meses, incrementando as 52 actuais ate 104 (incremento de 52 brigadas).

Os postos de nova creación, pertencentes ás categorías de Bombeiro Forestal Xefe de Brigada, Bombeiro Forestal Conductor y Bombeiro Forestal, derivados desta modificación, cubriranse a través dos procedementos de provisión regulados no convenio colectivo do persoal laboral da Xunta de Galicia.

- d) Por último, aumentar o número de efectivos do SPDCIF dedicados á extinción **durante 9 meses o ano no ano 2020** ~~durante os períodos de máxima actividade incendiaria,~~ o que implicará a creación dos postos de traballo das categorías específicas de bombeiros forestais necesarios para formar novas brigadas de extinción de incendios nos distritos e demarcacións forestais.
- e) A selección de persoal temporal para o desempeño deses novos postos farase a través das listas de contratación temporal da Xunta de Galicia. ~~Deste xeito, estes profesionais terán as mesmas condicións de traballo e retributivas que o resto de empregados públicos vinculados a extinción de incendios da Consellería do Medio Rural.~~
- f) **As prazas de novas creación derivadas destas modificacións deberan ser ofertadas na seguinte oferta de emprego público** tras a súa creación na correspondente RPT. Se as coberturas dos postos se fan mediante contratos laborais temporais, necesariamente a OPE recollerá, para a súa convocatoria, ditas prazas como prazas de persoal laboral.

MEDIDAS DE ORDENACIÓN DE RECURSOS HUMANOS PREVISTAS

Un.- Incrementar o período de actividade dos 436 efectivos adscritos aos postos de natureza fixa descontinua da campaña de alto risco, de xeito que pasen do período de tres meses actual a un período de ~~seis meses~~ **nove meses** de actividade no ano 2020, a razón de ~~un mes~~ **dous meses** de incremento en cada unha das anualidades do período de vixencia deste plan.

Dous.- Modificar a composición das brigadas, que pasarán de estar formadas cos sete efectivos actuáis a estar formadas por cinco efectivos, ~~pasando tamén do réxime de libranzas e vacacións individuais dos seus membros a un réxime de libranza e vacacións conxuntas.~~ Esta medida levará aparellada outras complementarias, como son:

a) Negociación dunha modificación da relación de postos de traballo dos distritos forestais **que duplique o número de** ~~satisfaga a necesidade de~~ efectivos en cada distrito e demarcación ~~para implantar esta medida.~~ **Esta medida comportará a creación de 402 novos postos de traballo:**

- 82 novos postos de traballo de Bombeiro Forestal Xefe de Brigada de 12 meses
- 52 novos postos de traballo de Bombeiro Forestal Xefe de Brigada de 9 meses
- 82 novos postos de traballo de Bombeiro Forestal Conductor de 12 meses
- 52 novos postos de traballo de Bombeiro Forestal Conductor de 9 meses
- 82 novos postos de traballo de Bombeiro Forestal de 12 meses
- 52 novos postos de traballo de Bombeiro Forestal de 9 meses



- ~~b) Mobilidade voluntaria mediante a convocatoria de concursos de traslados e, se fose o caso, mobilidade forzosa, de acordo co disposto no artigo 40 do Estatuto dos Traballadores.~~
- ~~e) Modificación de determinados puntos do Acordo de condicións especiais de traballo do SPDCIF. **Negociación dun novo sistema de quendas de traballo para as brigadas, establecendo quendas de traballo de 12 horas (quenda de día e quenda de noite), traballando 3 días á semana (36 horas). Para elo levarase a cabo a correspondente modificación do convenio colectivo.**~~

Tres.- Necesidade adicional de recursos humanos, mediante a creación de postos de natureza fixa descontinua de **nove meses** seis meses de actividade correspondentes ás categorías de xefe de brigada bombeiro forestal, bombeiro forestal condutor e bombeiro forestal para incrementar o número de brigadas.

OUTRAS MEDIDAS

Implementaranse ademais medidas conducentes a contribuír na mellora da seguridade persoal e na efectividade na prestación do servizo do persoal do SPDCIF con incidencia especialmente en:

- A) Formación do persoal mediante a programación de novos cursos eminentemente prácticos coa actualización dos seus coñecementos teóricos.
- B) Establecemento de protocolos de actuación relacionados coas labores de extinción de incendios forestais dando participación de todos os implicados na extinción de incendios forestais no seu deseño.
- C) Mellora das instalacións e dos vehículos ao servizo dos operativos.

RECUPERACIÓN DAS COMPENSACIONES POR TRABALLOS EN DOMINGO OU FESTIVO

De xeito inmediato, restablecerase o sistema de compensacións por traballos en domingo e festivo establecido no V Convenio Colectivo Único e no acordo de condicións de traballo do SPDCIF.

CRONOGRAMA DE IMPLANTACIÓN E APLICACIÓN

O cronograma abrangue o período de vixencia deste plan, é dicir, o lapso comprendido entre este ano 2018 e o ano 2020 e detállase do seguinte xeito:

1. No presente exercicio de 2018:

- 1.1. Incrementar ~~un mes~~ **dous meses** o período de actividade do persoal adscrito aos postos de natureza fixa descontinua da campaña de verán alto risco, de forma que presten servizos durante o período comprendido entre **xuño** e outubro.
- 1.2. Incrementar un mes o período de actividade do persoal adscrito aos postos de natureza fixa descontinua de nove meses, de forma que traballen 10 meses no ano 2018.
- 1.3. Proposta de modificación no último trimestre do ano da RPT da Consellería de Medio Rural para ~~de~~ **crear** en cada distrito e demarcación forestal os postos necesarios para implantar a medida de configurar as brigadas con cinco compoñentes.
- 1.4. Proposta de creación na RPT da Consellería de Medio Rural dos postos de traballo necesarios para incrementar as brigadas do SPDCIF, de forma que estean operativas para prestar servizos durante ~~5 meses~~ **7 meses** no ano 2019.



1.5. Convocar, unha vez aprobada a RPT, un concurso de traslados para o persoal do SPDCIF para facilitar a mobilidade voluntaria aos novos postos creados como consecuencia da modificación da composición das brigadas.

2. No ano 2019:

2.1. Incrementar ~~un mes~~ **dous meses** a determinar polo órgano competente para establecer as épocas de peligro de incendios forestales en función das circunstancias climáticas dentro do período comprendido entre febreiro e xuño, o período de actividade do persoal adscrito aos postos de natureza fixa discontinua da campaña de verán alto risco, de forma que presten servizos durante un total de cinco **sete** meses.

2.2. **Incrementar un mes o período de actividade do persoal adscrito aos postos de natureza fixa discontinua de nove meses, de forma que traballen 11 meses no ano 2019.**

2.3. Resolver o concurso de traslados **e posterior cobertura dos postos deixados vacantes mediante os procedementos de provisión temporal establecidos no convenio. Neste senso, posibilitarase que o persoal temporal tamén poda participar en ditos procesos mediante o correspondente acordo.** ~~e aplicar con carácter inmediato o réxime de prestación de servizos das brigadas con cinco membros, libranzas e vacacións conxuntas e as demais medidas complementarias necesarias para aplicar a medida. Se fose o caso, aplicar medidas de mobilidade xeográfica conforme ao artigo 40 do Estatuto dos Traballadores.~~

2.4. Inicio da actividade ~~do persoal que se adscriba ás~~ das brigadas de nova creación e configuradas con postos de natureza fixa discontinua. No ano 2019 a actividade comprenderá o período de cinco **sete** meses: ~~xullo a outubro e un mes máis a determinar polo órgano~~

~~competente para establecer as épocas de peligro de incendios forestales en función das circunstancias climáticas dentro do período comprendido entre febreiro e xuño.~~

3. No ano 2020:

3.1. ~~Incrementar un mes~~ **dous meses** ~~a determinar polo órgano competente para establecer as épocas de peligro de incendios forestales en función das circunstancias climáticas dentro do período comprendido entre febreiro e xuño,~~ o período de actividade do persoal adscrito aos postos de natureza fixa descontinua da campaña de verán alto risco, de forma que presten servizos durante un total de seis **nove** meses.

3.2. Incrementar un mes o período de actividade do persoal adscrito aos postos de natureza fixa descontinua de nove meses, de forma que traballen 12 meses no ano 2020.

3.3. ~~Incrementar a seis~~ **nove** meses o período de actividade do persoal adscrito ás brigadas fixas descontinuas de nova creación. ~~A actividade comprenderá o período de catro meses comprendido entre xullo a outubro e dous mes máis a determinar polo órgano competente para establecer as épocas de peligro de incendios forestales en función das circunstancias climáticas dentro do período comprendido entre febreiro e xuño.~~

SEGUIMIENTO DA APLICACIÓN DAS MEDIDAS

Constitúese unha comisión paritaria de seguimento da implantación e aplicación das medidas adoptadas no presente plan, con composición paritaria entre a Administración e as Organizacións Sindicais.